


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

22-23 de maio do 2021

### FESTA DE PENTECOSTE



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *A Cristo cantamos*

#### *Celebrante*

Celebramos hoxe a solemnidade de Pentecoste, a gran festa do Espírito prometido por Xesús.

Por iso hoxe o noso lema é Pascua do Espírito. Reunímonos en comunidade e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús cumpre a súa palabra, non nos deixa sós. Na primeira aparición coma Resucitado aos Apóstolos que escoitaremos no Evanxeo dálles o Espírito Santo para que perdan medo e poidan ser as súas testemuñas.

E nos Feitos vemos como esa efusión faise a toda a comunidade reunida para que todos formemos parte desa Igrexa de transmisores do seu amor e da súa doutrina.

Poñamos de verdade empeño para transmitir ese amor de Deus na nosa comunidade e levalo tamén a todas as xentes.

Imos prender agora a veliña da Pascua que nos lembra a presenza do Resucitado no medio de nós.

(pode acenderse a veliña da Pascua)

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

## ACTO PENITENCIAL

### **Celebrante:**

*Xesús prometeunos o Espírito para que fora quen nos mostrara o camiño a seguir para facer unha igrexa aberta, acolledora, chea de amor e preocupación por todos.*

*Neste tempo do Espírito deixémonos guiar por El sabendo que fará de nós verdadeiras testemuñas do amor de Deus.*

Señor Xesús, ti dásnos o teu ESPÍRITO.  
Que El nos dea vida,  
nos alente na responsabilidade  
á hora de sermos homes e mulleres  
coidadosos con todos,  
que nos manteña na esperanza de cada día,  
sabendo que, nas nosas dificultades,  
El guía os nosos pasos polos teus camiños  
de paz, amor e solidariedade  
para facer unha Igrexa  
na que todos somos necesarios  
e ninguén se sinta excluído.

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Con esta oración presentámoslle ao Pai a nosa petición para que se faga presente no medio de nós o don do seu Espírito.*

*(silenzo)*

### **Celebrante:**

Deus, Noso Pai, no misterio desta festa de Pentecoste santificas a toda a túa Igrexa no medio das nacións. Estende os dons do teu Espírito dun cabo ao outro da terra e realiza tamén hoxe nos corazóns dos teus fieis a milagre que o teu amor obrou nos comezos mesmos de vida da Igrexa, por Cristo, Noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** A palabra de Deus proclamada é para nós

### **Monitor/a:**

*Os Feitos dos Apóstolos cóntannos como foi recibido o don do Espírito o día de Pentecoste na comunidade dos seguidores de Xesús.*

*No Evanxeo Xesús deséxalle a paz aos Apóstolos e dálles o Espírito para que sexan as súas testemuñas transmisoras de paz no mundo.*

Fei 2,1-11

LECTURA

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Cando se cumpriron os días de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada

un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.

Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de todas as nacións da terra. O se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros:

- "¡Olla! E todos estes que están aí a falar non son galileos? E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus".

### Palabra do Señor

♪ 43 ♪ *Quen nos vai separar de ti* SALMO

Xn 20,19-23 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo aos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulle as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

- Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Nestas semanas de pascua estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana estamos a ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

## No taboleiro da PASCUA

**Celebrante:**

A PASCUA DO ESPÍRITO, QUE VIVE E DÁ VIDA NO NOSO INTERIOR:

O ESPÍRITO da Pentecoste é o Espírito do Resucitado. Espírito mestre que nos ensina a vivir coma fillos de Deus.

Espírito forza, que alenta para sermos testemuñas do evanxeo.

Espírito amor, cara a Deus e aos irmáns.

Espírito de unidade, para formar todos unha mesma comunidade.

Espírito regalo de Xesús.

Espírito memoria do que Xesús nos dixo...

Espírito ...



Pidamos ao Pai que nos dea o seu Espírito. (**Colocamos o papel 7: Envía Pai o teu Espírito**).

# PENTECOSTE

Espírito que vive e dá vida ao noso interior



Vida

O Espírito dános forza para ser testemuñas do evanxeo

Ensinanos a vivir como Fillos de Deus transformándonos por dentro facéndonos semellantes a Xesús e únenos como Igrexa.



Enche os nosos corazóns e acende neles o lume do teu Amor.

O Espírito Santo aléntanos para dar resposta ao Señor co noso bo facer de cada día, facéndonos cribes como igrexa acolledora que pregoa o evanxeo da vida.

"O Amor de Deus verteu-se nos nosos corazóns por medio do Espírito Santo que nos foi dado"

(Rom 5. 5)



O Espírito-Amor guiará á comunidade para que fiel á mensaxe de Xesús leve a todas as xentes, sen diferenzas, a presenza e o amor de Deus neste mundo.

O Espírito aléntanos a colaborar construíndo unha sociedade na que todos somos necesarios e na que se conta con todos.

Envía, Pai, o teu Espírito para que nos encha dos seus dons.





"O Espírito Santo recordaravos todas as cousas que vos dixen"  
Xoán 14, 26

(en pé) **PROCLAMAMOS A NOSA FE**  
*Celebrante* Nesta Solemnidade de Pentecoste, querendo recibir ao Espírito Santo para que nos faga verdadeiros testemuñas do Evanxeo de Xesús, antes de proclamar o credo renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

- **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?  
**Si, estamos dispostos**
- **Estades dispostos** a loitar contra o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?  
**Si, estamos dispostos**
- **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?  
**Si, estamos dispostos**

*Celebrante* Deixándonos guiar polo Espírito de Pentecoste, renovamos agora o noso credo:

**Monitor/a**

**Crede en Deus**, Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de vida e tenrura para todos?

**SI, CREEMOS**

**Crede en Xesús Cristo**, o seu fillo benquerido, sempre disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para **COIDAR** e mellorar a vida de cada muller e cada home?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

***SI, CREEMOS***

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

***SI, CREEMOS***

### ORACIÓN UNIVERSAL

*Celebrante: Movidos polo Espírito que clama en nós ao Pai, dicimos*

#### Verte o teu Espírito

***Monitor/a***

- ✓ Verte sobre o mundo o teu Espírito de vida, oremos
- ✓ Verte sobre a Igrexa o teu Espírito de santidad, oremos
- ✓ Verte sobre os poderosos o teu Espírito de caridade e servizo, oremos
- ✓ Verte sobre os pobres o teu Espírito de liberdade, oremos
- ✓ Verte sobre os enfermos o teu Espírito de consolo, oremos
- ✓ Verte sobre os que reciben os sacramentos o teu Espírito de fortaleza, oremos

- ✓ Verte sobre todos os que te buscan o teu Espírito de sabedoría, oremos
- ✓ Verte sobre a nosa comunidade o teu Espírito de amor, oremos
- ✓ Verte o teu Espírito sobre os voluntarios e profesionais que tanto ben fan nestes días, son para todos nós unha fonte de vida e alento, oremos

*Celebrante: Envíanos, Pai Santo, o teu Espírito e énchenos coa abundancia dos seus dons. Por Xesucristo o noso Señor. Amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

*Celebrante: Con Xesús queremos rezar a oración que El mesmo nos ensinou. Con ela pedimos hoxe o don do Espírito para ser de verdade testemuñas de Xesús.*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

*Celebrante: Xesús envíanos como as súas testemuñas, testemuñas de PAZ. Ese era o saúdo do Resucitado. Contaxiemos PAZ a todos nestes momentos de responsabilidade para coa nosa saúde e as dos outros. Pousemos tamén nas mans de Deus os nosos desexos de paz para Palestina, Gaza, Israel.*

**NON COMULGAMOS  
PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN**

*Celebrante: Da man dos Apóstolos botaba a camiñar a primeira comunidade de discípulos dando testemuña da Resurrección.*

*Nós, que formamos parte desa mesma Comunidade, queremos tamén ser testemuñas de Xesús na nosa terra e facer VIVA á nosa sociedade dende a responsabilidade e a unión con Cristo Resucitado que nos fai participar na súa vida e nos dá o seu ESPÍRITO*

*Ditosos nós que hoxe fomos convidados a a deixarnos guiar polo ESPÍRITO do Señor.*

**CANTO** 🎵 *No colo da miña nai*

**ORACIÓN FINAL**


*Celebrante: Señor, ti concediches a túa Igrexa os dons eternos. Conserva en nós a graza que nos deches, para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza, por Cristo noso Señor. Amén*

*Hoxe remata a Pascua, e os que temos descuberto a Cristo Resucitado, temos que ser luz para os demais. Que non se apague a luz da fe que levamos dentro aínda que agora apaguemos a veliña da Pascua que nos acompaña.*


*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*Avísase das misas (ver folla do mes).*

**NÓS CONTAMOS CON DEUS**



**E DEUS CONTA CON NÓS**




**Bendito ti, Xesús resucitado  
coas feridas da lanza e mais os cravos.  
Bendito para sempre ti es loado,  
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá  
e no cantar do paxaro ao espertar.  
Bendito na auga fresca e rebuldeira  
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece  
o duro traballar coa súa anada,  
bendito na esperanza que se esforza  
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84  
do noso cancionero de Os Cotos)*

# **ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”**

**UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS**



**FELICES FESTAS DA PASCUA**